


1994



“Esa vella desamañada, afastada, soia podería ser Galicia, esquizada, tamén arredada, soio ósos tola, refugando unha morte prometeica, -os seus mitos son de outra caste-negra polos farrapos, pantasmal, dura, que Laxeiro que a víu na montaña de Lalín, díxonos, nunca se atrevéu a pintar.”

*A maior abundamento (1972)*

“Tivemos unha grande relación persoal e profesional, coñecino na Compostela dos anos 30 nos faladoiros do café Español e na imprenta Nós. Logo da guerra colaboramos en moitos proxectos en Bos Aires... Escribín crónicas en *Galicia Emigrante* e publiquéi un libro sobre el: *Luis Seoane desde a memoria*. Era un home que deixou o calco do seu amor a Galicia e da súa proteica personalidade nunha obra de fecunda proxección.”

Francisco Fernández del Riego

# LUIS SEOANE

(Bos Aires, 1910 – A Coruña, 1979)

Foi un escritor, pintor, debuxante, editor e avogado galego. Estudou Dereito en Santiago de Compostela, onde comezou a ilustrar libros e colaborar en revistas coma *Resol*. En 1936 exiliouse en Bos Aires, desde onde dinamizou a cultura galega da diáspora. Fundou a revista *Galicia Emigrante* e levou adiante numerosos proxectos editoriais e artísticos coma o Laboratorio de Formas. A súa versatilidade artística traballou ao servizo da renovación e da recuperación da cultura galega.

## GRANDES ÉXITOS



1952

*Fardel d'eisilado* (1952) é un poemario publicado en Bos Aires, ilustrado e editado polo propio Seoane. Os seus poemas son un canto á dureza e á realidade da emigración e do exilio galego.

*A soldadeira* (1957) é unha peza teatral publicada en Bos Aires na que a protagonista é unha muller. A obra está ambientada na época das revoltas irmandiñas pero engade personaxes do contexto histórico da ditadura franquista. Seoane elabora así un drama histórico e social que mostra a opresión cíclica na que vive o pobo galego.



1957

Outras das súas obras son *Na brétema, Sant-Yago* (1956), *As cicatrices* (1959), *Castelao artista* (1962) e *A maior abundamento* (1972).

